

IMOS DE PESCA



Ola a todos e todas,

Hoxe imos a familiarizarnos cunha profesión relacionada co mar, e é a de pescadores/as. Seredes quen de pescar máis ca eles? Moito ánimo e boa pesca!!

1.-PESCA- MAZÁS



Material:

- 1 recipiente con auga
- Mazás con rabo ou outra froita similar

Desenrolo:

Enchemos o recipiente de auga pola metade e logo botamos as mazás dentro. A continuación, debemos poñer as mans no lombo e tratar de pescar as mazás coa boca.

2.- PESCA DE PEIXES



Material:

- Papel de cores ou similar
- Lá
- 1 pau
- 1 clip

Desenrolo:

Comezamos recortando os peixes no papel. Despois, enchemos cunha boliña de papel os peixes, para que queden máis gordiños e logo cosemos todo o bordo do peixe coa lá.

A continuación, no que sería a boca do peixe deixamos un ollal de lá pechado cun nó. Agora, facemos un gancho co clip, e atámolo ao extremo da cana e xa temos listo o xogo.

3.- PESCA DE BAÑEIRA



Material:

- 1 bañeira con auga
- Peixes de goma eva ou acetato
- 1 ganapán
- Colorante alimentario de cor azul (opcional)

Desenrolo:

Primeiro recortaremos uns cantos peixes en goma eva, que poden ser de distintas cores e tamaños, para que a súa pesca sexa máis divertida. Logo, meterémonos na bañeira co noso ganapán para tratar de pescalos, en caso de non ter ganapán, sempre podeades facer un coa axuda dun pau e unha rede ou unha bolsa plástica.

Para darlle emoción ao xogo, sempre podeades dar un tempo máximo para a pesca, e a ver quen pesca máis peixes nese tempo. Ademais, se queres simular que estás verdadeiramente pescando no mar, podes botarlle colorante azul á auga.

4.- A PESCA DO OBXECTO MISTERIOSO



Material:

- 1 bañeira con auga
- Obxectos pequenos (coches, peixes, pelotas...)
- Escuma

Desenrolo:

Enchemos a bañeira con auga e metemos os obxectos dentro, sendo interesante que haxa obxectos que floten e que non floten. Despois, botamos xabón e remexemos para facer escuma, canta máis mellor, tras o cal introducimos dentro da bañeira diferentes obxectos.

A continuación, asignamos puntos a cada obxecto, e logo procedemos a buscalos sen mirar, só coa axuda do tacto.

Quen logre atopar todos os obxectos que outra persoa vai nomeando gañará, e logo realizarase o relato final, para ver quen acadou a maior puntuación.

5.- A PESCA DO GLOBO TRAVESO



Material:

- 1 recipiente con auga
- Obxectos pequenos (coches, peixes, pelotas...)
- Globos

Desenrolo:

Metemos os obxectos dentro dos globos e inflámolos. A continuación, enchemos o recipiente de auga e metemos os globos dentro.

Para tratar de pescar os obxectos atrapados nos globos, deben estoupalos co cú dentro da auga (baixo a supervisión dun adulto).

Quen logre estoupar o maior número de globos, será o gañador/a.

6.- PESCA- POMPAS



Material:

- 1 recipiente con auga
- Xabón
- 1 pompero

Desenrolo:

Algunhas recetas para facer pompas de xabón

1. Como facer moitas pompas pequenas?

2 medidas de auga

1 medida de xabón

1/2 medida de azúcar Glassé

2. Como facer pompas medianas e resistentes?

2 medidas de auga

1 medida de xabón

1/3 de medida de glicerina

3. Como facer pompas xigantes?

5 medidas de auga

1 medida de xabón líquido para lavar a louza

1 medida de azúcar Glassé

1 medida de glicerina

1 medida de concentrado especial para burbullas

4. Como facer pompas de larga duración e sen xabón?

1/3 de medida de concentrado especial para burbullas

1 medida de auga

1/3 de medida dunha taza de glicerina.

5. Como facer pompas de xabón sen glicerina?

1 medida de auga

1 medida de cervexa

2/3 de medida de xabón

Algunhas ideas para facer o pompero

1. Pompero de arame

1 pau

1 arame




Realización: cortamos un anaco de arame e enroscámolo ao pau, tendo en conta que quede unha circunferencia na punta do mesmo, que nos servirá como pompero. Se queremos podemos darlle diferentes formas.

2. Pompero de corda

2 paus

1 anaco de corda



Realización: cortamos un anaco de corda e atámola aos dous paus formando un arco.

Se queremos podemos facer diferentes circunferencias pequenas, pegadas entre si e estas ao longo da corda que está suxeita por ambos paus, deste xeito sairán múltiples burbullas á vez.

3. Pompero de botella

1 botella

Palliñas de plástico

1 goma elástica

1 tesoir ou cúter

Celofán (opcional)



Realización: cortamos a botella co cúter e para evitar que se corten cos bordos, podemos cubrilos con celofán. A continuación, cortamos as palliñas cunha lonxitude duns 4- 5 cm, segundo o grosor da boca da botella, e tamén segundo o mesmo, precisaremos máis ou menos cantidade, o importante e que quede totalmente cuberta.

Despois, unimos todas as palliñas cunha goma e apretámolas ben, para poder introducilas na boca da botella, sendo importante que queden ben suxeitas, xa que por ahí e por onde soprarán os nenos/as para facer as súas pompas.

Desenrolo:

Trátase de que alguén fará pompas de xabón, e outro tratará de pescar e estoupar o máximo número de pompas posible.

7.- PESCA AUGA

Material:

- Vasos de plástico
- Auga
- 1 fita



Desenrolo:

Algúns participantes están deitados no chan cara arriba e cun vaso de plástico agarrado, enriba da súa barriga. Outro participante debe levar un vaso de plástico atado á cabeza cunha fita.

O participante que ten o vaso atado á cabeza deberá ir baleirando a auga que ten no seu vaso, sen axuda das mans, no vaso dos compañeiros, e os demais deberán tratar de pescar a máxima cantidade de auga posible.

8.- PESCA CON ZAPATOS

Material:

- 2 recipientes de plástico
- 1 fita



Desenrolo:

Algúns participantes tirarán cousas ao aire, e os demais cos recipientes atados aos pés tratarán de pescalos ao voo.

9.- PESCA COA CABEZA

Material:

- 1 recipiente de plástico
- 1 fita



Desenrolo:

Algúns participantes tirarán cousas ao aire, e os demais co recipiente na cabeza, tratarán de pescalos ao voo.

10.- PESCA- TAPÓNS

Material:

- 1 recipiente de plástico
- Tapóns
- 2 paus
- Auga



Desenrolo:

Os tapóns estarán no recipiente con auga, e trataranse de pescar coa axuda de 2 paus, non podéndose tocar os tapóns coas mans en ningún momento.

11.- PESCA DE GLOBOS

Material:

- Globos
- 1 ganapán
- Auga



Desenrolo:

Un xogador/a lanzará globos con auga ao resto dos xogadores/as, e estes deberán tratar de pescalos co ganapán, antes de que caian ao chan e se mollen. Gañará o que pesque máis globos antes de que lle estoupen.